

## Reconstituír o horizonte emancipador do Comunismo

Ao contrario do que agoiraron revisionistas de toda laia, a crise económica non trouxo á palestra a tan agardada “crise revolucionaria” que nacería espontaneamente das propias masas. Nin tampouco se mostrou ningún sinal de que o proletariado revolucionario vaia regresar ao primeiro plano da loita de clases empurrado, como conxecturan as súas consabidas ladaíñas, por esa lexítima espontaneidade resistencial dos oprimidos. Aínda máis, a crise do bloque imperialista occidental, que volveu situar as contradicións interimperialistas en primeiro plano, e a crise da *Restauración 2.0*, que atopamos no Estado español coa crecente quebra do pacto de clases que conduciu ao réxime de 1978, non reflicten senón o devir dunha loita de clases onde, en ausencia do proletariado revolucionario, son só as fraccións da burguesía as que disputan polo poder. A perda da Revolución Proletaria coma horizonte emancipatorio e o esgotamento do **Ciclo de Outubro** conleva á desorientación da clase chamada a transformar o mundo. Pero, ao contrario do que sinalan neoesquerdistas e revisionistas varios, este agotamento de dito Ciclo, das súas premisas, non supón a caducidade das tarefas históricas do proletariado, nin do marxismo como a súa ideoloxía.

A chave, nos nosos días, reside nas condicións subxectivas (internas á propia clase), na inexistencia de Revolución Proletaria Mundial e de Partido Comunista, e non —como determina a xa caduca e economicista *teoría do derrubamento* que tanto repite o revisionismo— nas condicións obxectivas (externas á propia clase), xa asentadas co imperialismo. Por iso, neste momento de interregno entre dous ciclos, para que a ideoloxía poida ser levada *dende fóra* ao movemento obreiro —como sinalou Lenin e a experiencia histórica ratificou—, a vangarda debe acometer primeiro outra tarefa teórico-práctica no seu propio seo: realizar o **Balance do Ciclo de Outubro** aplicando o marxismo ao propio marxismo, mediante a **loita de dúas liñas**, reconstituír a ideoloxía proletaria na súa posición de teoría de vangarda; e, ao mesmo tempo e entrelazándose co anterior, desenvolver os vencellos políticos e organizativos para construír unha vangarda revolucionaria.

Só unha vez solventada esta fase, que denominamos **reconstitución ideolóxica**, poderemos afrontar a tarefa de **reconstitución política**, de fusión do socialismo científico co movemento obreiro, que dea lugar ao **Partido Comunista**, o cal non pode comprenderse burocraticamente coma unha organización de vangarda, senón como a fusión dialéctica entre vangarda e masas, o cal implica a transformación de ambos respectos, dando lugar ao suxeito revolucionario. A revolución dos nosos días debe exercerse mediante a guerra civil revolucionaria que constrúa, dirixido polo Partido Comunista e a través do **Exército popular, Novo Poder** ao seu paso; é dicir, a revolución hoxe só pode levarse a cabo desde a **Guerra Popular**.

En definitiva, os comunistas consecuentes non poden ignorar durante máis tempo as tarefas históricas que temos por diante. Só poñendo *a conciencia revolucionaria ao mando* do proceso revolucionario e erguendo, defendendo e aplicando a bandeira da reconstitución ideolóxica e política do comunismo, crearemos as condicións subxectivas para o relanzamento da **praxe revolucionaria**, para a autotransformación que liberará aos oprimidos de todo o mundo das cadeas vexatorias ás que se ven sometidos pola sociedade de clases.

***Pola Reconstitución ideolóxica e política do comunismo!***

***Contra o capital e as súas crises, pola Revolución Socialista!***

***Comité pola Reconstitución***



***Primeiro de Maio de 2018***

[www.reconstitucion.net](http://www.reconstitucion.net) | [reconstitucion@tutanota.com](mailto:reconstitucion@tutanota.com)